

Mobilidade forzosa

A non cobertura das ausencias dos profesionais con persoal eventual, ten como consecuencia, a parte do paro dos eventuais, unha mobilidade forzosa.

Cando é necesario cubrir a ausencia dun profesional nun posto, o que se está a facer e trasladar ó persoal doutro servizo para cubrir ese posto, deixando a outros servizos con menos efectivos.

Recomendamos ós traballadores que cando se vexan nesta situación de mobilidade forzosa, tenten que por parte do directivo ou mando intermedio que lle mande cambiar de servizo, lle dea a orde por escrito.



Outros virán que bon me farán!

Agardemos que este refrán non se cumpra, ademais, por telo bastante doado o novo Xerente de Xestión Integrada de Ferrol, Ángel Facio. Doado porque pouco foi o que fixo nos dous anos que estivo a fronte da Xerencia Luis Verde, e o pouco que fixo na dirección contraria aos intereses do conxunto do persoal e da veciñanza desta comarca.

A isto hai que sumarlle a saída de Javier Fernández Nistal, Director de Recursos Humanos. Entre os dous deixan a nosa área nunha situación de desvantaxe respecto a resto de Galicia no tocante a nivel asistencial e no que se refire a dereitos dos e das traballadoras.

Poucas veces na historia da nosa Área as contratacións estiveron a un nivel tan baixo con todo o que isto implica. Deixan as listas de espera, probablemente, na peor situación dos últimos anos con longas esperas na maioría de especialidades. Nunca a prevención de riscos laborais estivo en tan mala situación, non se fixo nada en dous anos. Nunca na historia desta Área denegáronse tantos e distintos permisos ao persoal. O "ninguneo" constante aos representantes dos/das traballadoras; máis dun ano levamos varias organizacións sindicais solicitando o cese do Director de Enfermaría. Durante o seu mandato aumentou ano tras ano o concerto coa privada ao tempo que mermou o investimento no Hospital Naval. Nada dos ambulatorios novos ou das reformas programadas. Nada para o persoal e nada para a veciñanza. Perdón, púxonos un letreiro á entrada do parking avisándonos de se está libre ou non, "boeno", algo fixo.



Despedimentos en ASFEDRO



No mes de outubro tivo lugar o despedimento na Asociación Ferrolá de Drogodependencias de varias traballadoras/es. Estes despedimentos producíronse despois de moito tempo de telos *apartados e sen carga de traballo*. A Directiva de ASFEDRO decidiu facer os despedimentos no mes de Outubro, amparada nos recortes orzamentarios, que son certos, pero que non xustifican unha saída tan indigna das/os compañeiros, algún, con máis de 20 anos na prestación de axuda á nosa mocidade. *Os despedimentos tiveron outros motivos que nada tiñan que ver cos económicos aínda que se aproveitaron da ocasión*. Ante tal situación, **CIG Saúde** realizou unha serie de concentracións para apoiar os e as compañeiras despedidas e continuará durante este mes de febreiro coas mesmas.

Novas concentracións polos despedimentos en ASFEDRO:

Venres día 3 e luns día 6 de febreiro 2012 ás 11.30 horas na rúa Cádiz, s/n (Caranza) diante de ASFEDRO.

Mércores día 8 de febreiro 2012 ás 09.00 horas nos Xulgados de Ferrol. Acode e solidarízate cos compañeiros.

FEGAS 2012

Publicada a oferta de cursos da FEGAS para o ano 2012.



Tedes toda a información na nosa páxina web.

Para as edicións das accións formativas do **primeiro semestre**, o prazo comezará o día 1 de febreiro de 2012 e rematará o día 20 de febreiro de 2012.

CELGA

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca para o ano 2012 un total de 125 cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos **niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4**.

O DOG do 9 de xaneiro publica a orde pola que se anuncia esta oferta de formación, voluntaria e gratuíta, dirixida a particulares (adultos) que desexen participar nos cursos e tamén a colectivos, entidades e/ou asociacións interesados en organizalos.

Tedes toda a información na nosa páxina web. Non dúbidedes en visitala e en contactar con nós para informárvos.

Outros virán que bon me farán! Parte Segunda. A dedocracia.

Agora que pasaron as eleccións "democráticas" no Estado, amparadas na tan nomeada Constitución, e na que se declara como un dos seus principios fundamentais a non discriminación de ninguén estivemos a ver que na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol producíronse vulneracións neste artigo fundamental, xa que os antigos responsables da mesma estiveron a actuar dun xeito arbitrario, no fío da ilegalidade e metidos de cheo na inmoralidade no referente á mobilidade do persoal.

Vamos a explicar o que ocorreu nesta Xerencia; como en outras ocasións que xa fomos pioneiros noutras cousas, agora volvemos a selo xa que contamos cun novo avance no modelo de mobilidade do persoal. A este avance "**dedocrático**" non se lle pon diante nin lle tuse ningunha das figuras legalmente establecidas para a mobilidade do persoal nin dentro da área a través de convocatorias de mobilidade interna nin traslados no ámbito do SERGAS, nada de nada.... Pois ben esta figura chamada "**dedocracia**" pasa por enriba de todo o regulamentado. Fixádevos

Cómputos de Xornada

Recordarlle **aos traballadores que están traballando na área a raíz do último concurso de traslados** que dende o seu centro de procedencia enviaron a esta área un certificado de incidencias no que informan entre outras cousas das vacacións e Id's que tiñan desfrutado cando viñeron para aquí. Detectamos que por parte da Dirección de Enfermaría fáise-lles caso a estes informes no que respecta ás vacacións pero non se lles están dando aos traballadores os Id's que tiñan pendentes. Así que recomendamos aos traballadores que se atopan nes-

ben porque vale para "todo, todo e todo" (case como o anuncio desa compañía de seguros); e se non o credes observade:

- Pode permutar e mover "dedocráticamente" a persoal entre centros de primaria.
- Pode mover "dedocráticamente" persoal de primaria para especializada.
- Pode cambiar "dedocráticamente" ó persoal que xa estaba en comisión de servizos nun centro para outro distinto.
- Tendo un cargo político, incluso vale para cambiar quendas de traballo.

iiii Impresionante !!!! pero non vos fagades ilusións, isto é relativo; porque isto non vale para todos, non amigos, para todos non, **só uns cantos afortunados serán os elexidos pola "dedocracia"**.



ta situación soliciten unha revisión do seu cómputo de xornada.

Informar tamén aos traballadores que teñan solicitada unha **redución de xornada por conciliación familiar e teñan unha quenda rotatoria complexa** de que se por exemplo reducen un 50% a súa xornada estarán cobrando un 50% menos pero realmente a súa xornada será superior ao 50%; así pois, dúas medias xornadas sumarán máis de unha xornada. Isto débese a que no cómputo de xornada non lle teñen en conta as noites que deixa de facer.

Así mesmo o traballador atoparase cunha carteleira deficitaria e lle mandaran devolver días cando remate o ano.

Así mesmo, recordarlle aos traballadores eventuais que deben solicitar o seu cómputo de xornada ao rematar o ano, pois esta Xerencia négase a facelos de oficio e atopámonos con traballadores aos que se lles adebeda moitos días, encabezando o ranking coma sempre e por non variar a Dirección de Enfermaría. Así pois **recomendámosvos que solicitedes o voso cómputo de xornada por escrito e con rexistro de entrada**.

Prevenición de Riscos Laborais... todo segue igual !!!!!

E por isto a CIG veuse abocada a presentar unha nova denuncia diante da Inspección de Traballo polos continuos e constantes incumprimentos en materia de Prevenición da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol. Ademais, solicitámoslle por rexistro de entrada á nova Xerencia a convocatoria do Comité de Saúde Laboral.

Reflexións sobre a privatización de servizos e aforro

Publicouse a resolución pola que se formaliza contrato con "Severiano Servicio Móvil, S.A." por un importe neto de **74 millóns de euros** e un importe total de **88 millóns de euros**. O que implicará a privatización dun servizo que ata o de agora na Área Sanitaria de Ferrol estaba a ser prestado por persoal do SERGAS. Estamos a falar dos compañeiros que traballan no almacén de suministros e en compras; aos que chamamos cada vez que nos xurde un problema de falta de material, unha dúbida de cómo temos que pedir algo, quen non chamou algunha vez ao almacén preguntando cómo se pide "a cousa aquela que conecta con aquela outra?", e os compañeiros intentando non perder os papeis para resolvernollos a dúbida. Pois moi ben, estes compañeiros que todos coñecemos xa non van estar no almacén. Que teremos que chamar a unha centraliña como as de telefonía móbil e pulsar un ou dous ou tres, cando aínda non sabemos o que queremos?.

Imos deixar que nos privaticen sen facer nada o respecto?, todos sabemos que os compañeiros de suministros son poucos, se os comparamos cos 2500 traballadores que ten a Área. Pero como dicía Martín Niemoeller (atribuído a Bertolt Brecht): "Primeiro viñeron a buscar os comunistas, e eu non falei porque non era comunista. Despois viñeron polos socialistas e os sindicalistas, e eu non falei porque non era o un nin o outro. Despois viñeron polos xudeus, e eu non falei porque non era xudeu. Despois viñeron por min, e para ese momento xa non quedaba ninguén

que puidera falar por min".

Pois moi ben, privatizan mantemento e non dicimos nada porque non somos nin electricistas, nin fontaneiros, nin calefactores, nin mecánicos. Agora privatizan suministros e non dicimos nada porque non somos administrativos de almacén ou celadores do almacén. Mañá deixaremos que privaticen a cociña porque non somos nin cociñeiros, nin pinches e despois privatizarán a lavandería e non diremos nada porque non somos lavandeiras, nin pasadoras de ferro, nin costureiras. E así pouco a pouco, cando nos demos conta, nos chegará a nós e diremos por qué ninguén nos apoia?. Pois lembra unha cousa, como di o refrán: "Cando as barbas do veciño vexas cortar, pon as túas a remollar".

Así que os 2500 traballadores da Área aos que lles parecen pouco número os de suministros, un número sacrificable, que poñan as súas barbas en remollo.

Cómo pode ser que a empresa de Severiano Servicio Móvil, S.A. lle saia máis rentable ao SERGAS? Se vai a prestar o mesmo servizo se nos ocorren dúas alternativas: ou baixamos a calidade do material ou explotamos aos traballadores da empresa privada, aínda que tamén pode ser unha mestura das dúas.

Asemblea de CIG Saúde

● pasado día 19 de decembro realizamos unha asemblea onde demos boa conta aos asistentes sobre temas de importancia coma a taxa de reposición, os traslados, as contratacións, os orzamentos 2012 e sobre a precarización laboral.

Eleccións na Limpeza

Celebradas as eleccións ao Comité de Empresa do Servizo de Limpeza do CHAMPNS. O resultado foi:

- **CIG** 41 votos e 3 delegadas
- **COG** 37 votos e 3 delegadas
- **UGT** 19 votos e 2 delegadas
- **USTG** 12 votos e 1 delegada

Desde **CIG Saúde** dámoslle a noraboa ás compañeiras que se presentaron pola CIG e a conxunto de traballadoras pola alta participación nas eleccións.



Eleccións 061

CIG-Saúde gañou onte as eleccións a delegado de persoal do 061 na Área Sanitaria de Ferrol.

Cun 69,23% de participación, **CIG-Saúde** obtivo 5 votos fronte aos 4 da candidatura de CISM Galicia-O'MEGA e conseguiu o único delegado en xogo.

Así Carlos Fernández, como delegado de CIG, representará ao conxunto de traballadores e traballadoras do 061 en Ferrol.



Edita: CIG-Saúde comarca de Ferrol

Redacción: Sección Sindical de CIG-Saúde de Ferrol

Tiraxe: 1.000 exemplares

Contacto: c.ferrol@cig-saude.org

Mobilizacións de persoal de PAC's

Despois da absolutamente **decepcionante xuntanza da Comisión de Seguimento dos Acordos de Primaria**, que por fin o Sergas convocara grazas á insistencia de **CIG-Saúde**, continuamos a defender os catro puntos apoiados por máis de catrocentas sinaturas de enfermeiras/os e médicos/os de PACs:

- Cómputo de xornada. Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.
- Confección de calendarios. Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferen-

ciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.

- Cumprimento da Acta do 16 de xuño. Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vínculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.
- Contratación de persoal das listas. Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

E para iso continuamos coas **MOBILIZACIÓNS:**

Concentración diante do SERGAS, en Compostela, **ás 11 horas do día 7 de febreiro.**

Pago atención continuada ao persoal do último concurso de traslados

Para o cálculo deste complemento de atención continuada en noites e festivos no mes que o traballador ou traballadora está de vacacións se utiliza un programa informático que fai un prorrateo dos seis meses anteriores; este prorrateo o fai sumando o que o traballador percibiu nos seis meses anteriores en calidade de noites e festivos e o divide entre seis, o resultado disto será o que o traballador perciba como Atención Continuada nese mes de vacacións.

Pero o programa informático comete un erro na liquidación efectuada ós traballadores que viñeron en concurso de traslados. No aplicativo informático non recolle os datos anteriores á incorporación, obviando os meses traballados no anterior posto, para calcular o prorrateo dos seis últimos meses. Poñamos por exemplo un traballador que colle as vacacións dous meses despois da súa incorporación; o programa sumará deses dous meses as noites e festivos

que fixo máis catro veces cero polos meses anteriores a súa incorporación e o dividirá por seis. Levando isto a unha perda económica para o traballador.

Podedes descargar na nosa páxina web a solicitude para pedir que vos aboem a diferenza salarial entre a cantidade percibida en concepto de Atención Continuada no mes de vacacións e a que correspondería pola prorrata dos seis meses anteriores ao inicio do desfrute das vacacións.

Contacta connosco

TELÉFONOS

630594691 ESPECIALIZADA
670264501 PRIMARIA
647938026 SECRETARIA COMARCAL
981334566 A. MARCIDE
981358750 COMARCA

FAX

981334566 A. MARCIDE
981358760 COMARCA

WWW

WWW.CIG-SAUDE.ORG
www.cig-saude.org/ferrol
c.ferrol@cig-saude.org

